


VISITA

AUTÓNOMA PARA

FAMILIAS

“MATERIALS LAB”

FERNANDA FRAGATEIRO



Visita realizada por Alba Cacheda
Ilustración: María García Pérez

D I D A C

 **Deputación
DA CORUÑA**

Ola!

Pensáchedes algunha vez en como veríamos unha exposición se fósemos paxaros?

Que tolemia! Apetécovos probalo? Propóñovos converternos en paxaros por un intre, usando a imaxinación! O primeiro que temos que facer é pensar en que paxaro gustaríanos ser e que características ten: se é grande, pequeno, se lle gusta voar, etc. Segundo esta elección a visita cambiará. Todas as participantes teredes que elixir un, as adultas tamén! Eu vou elixir o Albatros. É unha ave mariña que ten grandes ás para voar e é de cor branca e negra. Gústame moito, ademais o seu nome parécese ao meu: Alba.
Déixovos un pouquiño de tempo para que pensedes que ave queredes ser.
Tic- Tac- Tic- Tac...



Sabédelo? Xenial! Pois imos aló!

Antes de entrar na exposición vou contar unha cousa moi importante. Os paxaros son animais bastante silenciosos, coidadosos, observadores e bos exploradores. Nós temos que tentar imitalos. Entraremos na sala en silencio, sen tocar a nada, imaxinándonos o paxaro que somos.




Comezamos! A exposición que imos ver hoxe é da artista Fernanda Fragateiro. Está chea de pezas. Poderemos velas todas, aínda que nos pararemos en catro delas. Entramos na sala. Haimoitais caixas!

Queredes descubrir que conteñen?

Imos aló!

A primeira caixa que nos atopamos está completamente aberta. Pechamos os ollos e imaxinámonos como a veríamos se voásemos sobre ela. Contén unha revista aberta, na que se pode ver a fotografía dunha muller,



alguén sabe como se chama? Eileen Gray!

Quen será? Por que estará aí? Foi unha arquitecta e deseñadora moi importante e coñecida, que durante moitos anos estivo esquecida por ser muller, ata que se publica este artigo que estamos a observar como homenaxe a ela.

Que curioso! **Ocórresevos algunha pregunta para facerlle a Eileen?** Podedes apuntar todas as preguntas que lle fariades.

Seguimos voando cara ao lado esquerdo da sala ata chegar ao seguinte bloque de caixas. Nel hai unha con fondo vermello que contén outra revista. Estadés a vela? esta, a diferenza da anterior, está pechada, para vela ben

debemos achegarnos. Pero... **un momento!** Non podemos achegarnos todas, xa que as caixas son delicadas. Que vos parece se só se achega unha de nós? Pode achegarse o paxaro que teña os ollos máis grandes. Quen é?

Mentres o paxaro de ollos grandes se achega esperamos sen tocar as pezas. **Por favor, contáanos que contén!** O paxaro que se achegou tennos que contar todo o que viu.

Que hai? outra revista? coa fotografía dunha muller? É a mesma que estaba na caixa anterior? Como é?

Queremos saber todo o que viches!

Esta muller chámase Angela Davis e traballa para que todas as persoas teñamos os mesmos dereitos sexa cal for a cor da nosa pel ou o noso xénero.

Por que credes que a artista meteuna nunha das súas caixas?

Pode ser que queira transmitir unha mensaxe que teñamos que descifrar. Para iso, teremos que ir á seguinte caixa. Esta vez non fai falta que vaiamos voando, xa que está moi preto.

Sabedes que os paxaros tamén poden saltar sen facer ningún ruído? Imaxinámonos agora que imos saltando ata o grupo de caixas seguinte. Parámonos nunha delas, que contén unha fotografía en branco e negro na que están un grupo de persoas correndo. Observámola durante un tempo. Podemos afastarnos ou achegarnos coidadosamente, segundo como a miremos observaremos cousas diferentes. Parécese o contido desta caixa ao da caixa anterior?

Que credes que están a facer?

Convíдовos a responder a estas preguntas a través dun debuxo ou un pequeno escrito, despois podemos compartilo, eu tamén vouno facer.

Queredes saber as miñas respostas? Eu creo que si, que se parecen as caixas. En ambas as dúas hai revistas con persoas. Penso que é parte do enigma que a artista nos está convidando a resolver. Queredes que vaiamos a outra a ver se o descubrimos?

Seguimos voando ata o núcleo de caixas do medio da sala. Nel atopámonos unha que contén un libro verde sobre un escrito co título Rivolta Femminile.

Pero... os paxaros podemos ler? Seguro que se se paran a observar uns segundos si.

Puidéchedes ler o que di? Que credes que quere dicirnos esta caixa?

É outra pista? O libro que contén a caixa está escrito por unha muller, que como as que coñecemos anteriormente, defende a igualdade entre todas as persoas. Que interesante! Propóñovos unha cousa para que fagamos rapidamente: con esa vista de paxaro mirarvos entre vós, sodes iguais? que cousas fanvos diferentes? Responde de forma ordenada ás preguntas.

Sabedes o que creo? Que Fernanda incluíu a todas estas mulleres nas súas caixas porque ela tamén está preocupada porque todas as persoas sexamos tratadas de igual forma.

As caixas tamén conteñen outros materiais que compoñen o seu traballo. Convíдовos a que alcedes o último voo pola sala movendo amodo as vosas ás e explorando o contido das caixas!

Como foi? Que materiais vos chamaron a atención? Cada caixa contén diferentes historias, algunhas as descubrimos xuntas. Fernanda móstranos nelas os materiais cos que traballa no seu taller e as cousas que lle preocupan.

Seguro que nas vosas casas tedes diferentes obxectos que teñen un significado especial para vós.

Gustaríavos compoñer unha obra de arte con eles?

Poden ser debuxos, obxectos atopados, agasallos, cousas que por algún motivo teñan valor para vós!

Primeiro seleccionade aqueles obxectos importantes. Por que o son? Por que elixistes estes e non outros?

Despois, podedes facer unha composición con eles sobre un fondo dunha soa cor. Podedes colocar os obxectos de forma ordenada, como o fixo Fernanda cos materiais das súas caixas, para que podamos velos mellor.

Unha vez teñades a peza lista, tomade unha fotografía ou facede un debuxo destes obxectos.

Compartídea en redes para que poidamos seguir descifrando novos enigmas!